# Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de xuño de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dezasete de xuño do ano dous mil dezaseis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto, don Juan Anta Rodríguez e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 10 DE XUÑO DE 2016**.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día dez de xuño de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA CUARTA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE CENLLE, PUNXÍN E SAN AMARO PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PARA A XESTIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECEMENTO EN ALTA "RAZAMONDE-SAN TROCADO" DURANTE O EXERCICIO 2016**.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente en relación co convenio referenciado no encabezamento, supervisado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

**1º.-** Modificar a cláusula cuarta do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a prestación de asistencia para a xestión das instalacións de abastecemento en alta "Razamonde-San Trocado", no sentido de que cada concello dispoña de dous representantes na comisión de seguimento, que serán designados polos alcaldes.

**2º.-** Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento**.**

**3.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE ASISTENCIA TÉCNICA AOS MUNICIPIOS E DEMAIS ENTIDADES LOCAIS PARA O CONTROL E MANTEMENTO DE DEPURADORAS COMPACTAS**.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente en relación co convenio referenciado no encabezamento, supervisado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

**1º)** Aprobar o convenio marco de asistencia ás entidades locais da provincia no mantemento de depuradoras compactas para os exercicios 2016 e seguintes (que substitúe ao vixente convenio marco de asistencia para o mantemento de depuradoras compactas no exercicio 2012 e seguintes e ao convenio marco de asistencia para o control analítico de depuradoras compactas no exercicio 2015 e seguintes, que expresamente se declaran extinguidos).

O convenio marco de asistencia ás entidades locais da provincia no mantemento de depuradoras compactas para os exercicios 2016 e seguintes, rexerase polas cláusulas que se indican a continuación:

***1º) Obxecto***

*Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica para o control analítico de seguimento e o mantemento das estacións depuradoras compactas de titularidade local instaladas nos núcleos de poboación da provincia.*

*O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestar asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa a exerzan os concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidade ou outro tipo de entidade local) para a ordenación e xestión do servizo de depuración de augas residuais, conforme co artigo 27 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.*

***2º) Condicións da prestación do servizo***

*A Deputación Provincial prestaralles aos concellos ou mancomunidades adheridos ao presente convenio o servizo de mantemento preventivo e correctivo das depuradoras compactas situadas no ámbito territorial da entidade local, realizando un seguimento continuo do seu funcionamento e asegurando a normalidade na prestación do servizo de depuración das augas residuais. O servizo non incluirá o mantemento da rede de sumidoiros conectada á depuradora nin a subministración de enerxía eléctrica. O servizo comprende as seguintes prestacións:*

*a) Plan de mantemento preventivo/correctivo: realización dun Plan de Mantemento Preventivo periódico na depuradora compacta, que consistirá en dúas visitas mensuais periódicas á planta por persoal técnico especializado, na que se realizarán as seguintes tarefas:*

*a. Toma de datos dos equipos*

*b. Cumprimentación do check-list do estado xeral da planta*

*c. Limpeza da reixa do pozo*

*d. Limpeza do pozo de entrada, cando sexa necesario*

*e. Mantemento preventivo dos equipos*

*f. Farase o mantemento correctivo se estivera algún equipo avariado*

*b) Seguimento do funcionamento da depuradora compacta: Realizarase unha análise de entrada e da saída en cada trimestre natural, que permitirá establecer o rendemento funcional da depuradora, identificando deste xeito os potenciais problemas de funcionamento e as súas alternativas de solución.*

*c) Análises por Entidade Colaboradora da Administración (ECA) no caso de ser precisa pola autorización de vertido: estas mostras realízanse co obxectivo de dar cumprimento á autorización de vertido correspondente a cada instalación, analizándose os parámetros que se indiquen.*

*O servizo será prestado pola Deputación Provincial a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente. Aquaourense xestionará e contratará a*

*realización das análises que deben levarse a cabo a través dun organismo colaborador autorizado.*

*O servizo prestarase para os concellos ou entidades locais que se adhiran a partir do primeiro día hábil do mes seguinte a aquel no que teña entrada na Deputación o documento de adhesión ao presente convenio.*

***3ª) Retribución económica***

*1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:*

*a) Concellos que solo necesiten mantemento preventivo/correctivo a razón de dúas visitas o mes e análises de control do proceso (catro análises de auga de entrada e da auga de saída): 234,75 €/mes, máis o IVE.*

*b) Concellos que se adhiran tamén para retirada de areas dos pozos: 537,19 € mais IVE. Este prezo público soamente se devindicará si se realiza a tarefa e o custo é por ano independentemente da cantidade de actuacións realizadas*

*c) Concellos que necesiten pola súa autorización de vertido análise de organismo colaborador: Aumentaría a cantidade en 320 € mais IVE por análise.*

*2. Non obstante, e exclusivamente para os prezos públicos reflectidos no apartado 1.a anterior, establecese un prezo bonificado nun 25 % para aquelas entidades locais que acrediten o cumprimento, a 1 de xaneiro do 2016, dos obxectivos establecidos nos artigos 111 bis do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba a Lei de auga e os artigos 40 e 41 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia e na Directiva marco da Unión Europea en materia de xestión de augas residuais. Para os efectos do presente convenio, considerarase que os concellos ou, se é o caso, as mancomunidades acadaron os ditos obxectivos sempre que dispoñan, a 1 de xaneiro do 2016, dunha taxa por depuración de augas residuais debidamente aprobada e cunha estrutura tarifaria que permita a recuperación dos custos do servizo e desincentive o consumo, en aplicación do principio de que, quen contamina, paga.*

*3. Para a aplicación do prezo bonificado previsto no apartado anterior, no acordo de adhesión ao convenio previsto na cláusula 4ª, as entidades locais interesadas manifestaran se desexan ou non acollerse ao prezo bonificado, declarando no primeiro caso*

*o seu compromiso de establece-las taxas do servizo de depuración de augas residuais coas características sinaladas no parágrafo anterior.*

*En función do contido do acordo de adhesión, procederase do seguinte xeito:*

*a) No suposto en que a entidade local interesada opte polo prezo non bonificado, a Deputación Provincial aprobara periodicamente as oportunas liquidacións, que se notificaran aos concellos outorgándolles un prazo de noventa días para o seu pago. As liquidacións serán trimestrais, agás nos supostos de períodos de prestación de inferior duración temporal, que se liquidaran ao remate do convenio.*

*b) No suposto en que a entidade local interesada opte pola aplicación do prezo bonificado, asumindo o compromiso recollido no parágrafo 2 desta cláusula, procederase do seguinte xeito:*

*- A Deputación Provincial aprobará durante a vixencia do convenio as oportunas liquidacións provisionais aplicando o prezo bonificado. As liquidacións serán trimestrais, agás nos supostos de períodos de prestación de inferior duración temporal, que se liquidarán ao remate do convenio.*

*- Antes do 20 de xaneiro de 2017, as entidades locais adheridas ao convenio deberían xustificar ante a Deputación o cumprimento, con respecto a taxa de depuración de augas residuais, dos obxectivos establecidos no artigo 111 bis do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba a Lei de auga e os artigos 40 e 41 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia e na Directiva marco da auga da Unión Europea. A xustificación realizarase mediante escrito no que se indique a publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto da correspondente ordenanza fiscal, o que se xuntara copia autenticada do estudo económico - financeiro empregado no expediente. A Presidencia da Deputación, tralo informe dos servizos técnicos provinciais, declarara a conformidade ou desconformidade das tarifas establecidas cos obxectivos sinalados no parágrafo anterior, aprobando a correspondente liquidación definitiva dos prezos polos servizos prestados ao abeiro do presente convenio (prezos bonificados no caso de conformidade ou non bonificados no caso de desconformidade), o que se lles notificara as entidades locais interesadas, outorgándolles un prazo de noventa días para o pago, se é o caso, do importe resultante a favor da Deputación.*

*c) No suposto de entidades locais que xa estivesen adheridas ao convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades da provincia para o mantemento de depuradoras compactas en núcleos de poboación durante os exercicios 2012 e seguintes e acreditaran o cumprimento das condicións para obte-lo prezo bonificado no exercicio 2015, manteráselles automaticamente este prezo durante os exercicios seguintes sen necesidade de realizar ningún trámite. Non obstante, a Deputación declarará de oficio a improcedencia da aplicación do prezo bonificado no suposto de que a entidade local beneficiaria efectúa unha modificación da súa ordenanza fiscal que implique o incumprimento sobrevido das condicións determinantes da concesión da bonificación.*

*4. Unha vez transcorridos os prazos de pago en período voluntario dos prezos liquidados, a Deputación Provincial poderá exercer cantas accións administrativas e xudiciais lle competan para o cobro dos prezos, incluíndo a posibilidade de compensar a débeda contra calquera crédito de que dispoña a entidade local fronte á facenda provincial.*

***4ª) Procedemento de adhesión ao convenio***

*As entidades locais que desexen adherirse ao presente convenio deberán remitirlle á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente conforme co modelo que figura como anexo I.*

*A adhesión terá carácter automático, sempre que o acto de adhesión se axuste ao modelo establecido e aos requisitos que establece o presente convenio, iniciándose a prestación de servizos no prazo máximo de quince días naturais dende a súa recepción.*

*En caso de que o acto de adhesión non se axuste ao modelo establecido e aos requisitos do convenio, a Deputación comunicarallo á entidade local interesada, outorgando un prazo para a emenda das deficiencias. De non producirse a emenda requirida en prazo, ditarase resolución declarando a ineficacia do acto de adhesión, que se notificará á entidade interesada.*

***5ª) Comisión de Seguimento***

*Establécese unha Comisión de Seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo Presidente ou deputado no que delegue (ao que corresponderá a presidencia da comisión) e o Director da Área de Medio Ambiente (este último, con voz pero sen voto), e por un representante designado pola entidade local interesada. Actuará como*

*secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido na lexislación de procedemento administrativo común.*

*A Comisión de Seguimento terá carácter paritario, e reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.*

***6ª) Vixencia***

*O presente convenio producirá efectos para as entidades locais que se adhiran a partir do primeiro día hábil do mes seguinte á data de presentación do documento de adhesión ante a Deputación Provincial.*

*O presente convenio marco, unha vez entre en vigor para cada entidade local adherida, terá eficacia con carácter indefinido ata a súa modificación ou a súa extinción conforme co estipulado na cláusula 7ª.*

***7ª) Extinción do convenio***

*1. O presente convenio poderá ser resolto polas seguintes causas:*

*a) Por denuncia unilateral das entidades locais adheridas, en calquera momento e sen necesidade de alegar ningunha causa xustificante. A extinción terá eficacia a partir do primeiro día hábil do mes seguinte ao da data de recepción da comunicación no Rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.*

*b) Por decisión unilateral da Deputación Provincial, en caso de incumprimento de obrigas esenciais polas entidades locais adheridas. Neste caso, a Deputación dará audiencia previa á entidade local afectada, antes de adoptar a decisión, que comunicará cunha antelación mínima dun mes á súa data de efectividade e a cal será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.*

*c) Por decisión unilateral da Deputación, en caso de supresión do servizo de asistencia técnica que constitúe o seu obxecto. Neste caso a eficacia da resolución referirase sempre ao primeiro día hábil do ano seguinte a aquel en que se comunique, e*

*deberá en todo caso ser comunicada pola Deputación ás entidades adheridas cunha antelación mínima de seis meses.*

*2. A Deputación poderá igualmente substituír o presente convenio marco por outro diferente, cuxa aprobación e publicación determinará a automática extinción do vixente.*

*3. A liquidación do convenio resolto anticipadamente corresponderá, en todo caso, á Deputación provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada tras a audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.*

***8ª) Natureza e réxime xurídico***

*O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso - administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.*

***9ª) Entidades adheridas ao convenio marco de cooperación do 11 de xullo de 2010 para a execución de investimentos para o aumento da eficiencia enerxética das plantas depuradoras compactas de aireación prolongada, e o convenio de cooperación financeira complementario.***

*Non poderán adherirse ao presente convenio as entidades locais adheridas ao convenio marco de cooperación do 11 de xullo de 2010 para a execución de investimentos para o aumento da eficiencia enerxética das plantas depuradoras compactas de aireación prolongada e o convenio de cooperación financeira complementario daquel, o acharse as prestacións comprendidas no presente convenio xa incluídas no dito convenio de cooperación financeira complementario.*

***10ª) Extinción do convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades da provincia para o mantemento de depuradoras compactas en núcleos de poboación durante os exercicios 2012 e seguintes e do convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de control analítico de seguimento de estacións depuradoras compactas durante os exercicios 2015 e seguintes.***

*Coa entrada en vigor deste convenio decláranse extinguidos os convenio Marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades da provincia para o mantemento de depuradoras compactas en núcleos de poboación*

*durante os exercicios 2012 e seguintes e o Convenio Marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de control analítico de seguimento de estacións depuradoras compactas durante os exercicios 2015 e seguintes. Os servizos prestados pola Deputación Provincial aos concellos e entidades adheridas a estes durante a súa vixencia liquidaranse conforme aos prezos públicos e regras establecidas nos mencionados convenios.*

***Anexo I Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de adhesión ao convenio de asistencia técnica para o control e mantemento de depuradoras compactas.***

*Aprobar a adhesión do Concello de .../ Mancomunidade de ... ao convenio de asistencia técnica para o control e mantemento de depuradoras compactas, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.*

*1º) A prestación do servizo a que se refire o presente acordo de adhesión referirase ás seguintes depuradoras compactas de titularidade desta entidade local:*

*(Relaciónense as depuradoras incluídas no convenio, especificando o núcleo ou núcleos de poboación aos que prestan servizo).*

*2°) Manifestar expresamente a opción pola seguinte modalidade do convenio (indíquese so a opción que se escolla):*

*a) O Concello de ... / Mancomunidade de .... acollese expresamente ao réxime de prezos bonificados polos servizos de mantemento das depuradoras compactas, asumindo as obrigas e compromisos previstos na cláusula 3ª.3.2*

*b) O Concello de ... / Mancomunidade de... acóllese expresamente ao réxime de prezos ordinarios previstos na cláusula 3ª.3.1*

***Anexo II: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de solicitude de aplicación do réxime de prezos bonificados no exercicio 2016 no convenio de asistencia técnica para o control e mantemento de depuradoras compactas (unicamente para o suposto establecido no artigo 3.1.a)***

*Solicitarlle a Deputación Provincial de Ourense a aplicación durante o exercicio 2016 do réxime de prezos bonificados polos servizos de asistencia técnica para o control e mantemento de depuradoras compactas, asumindo as obrigas e compromisos previstos na cláusula 3ª, apartados 2.*

**2º)** Ordenar a publicación do presente convenio no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, para xeral coñecemento.

**4.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE ASISTENCIA TÉCNICA AOS MUNICIPIOS E DEMAIS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PRODUCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE AUGAS DE CONSUMO HUMANO**.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente en relación co convenio referenciado no encabezamento, supervisado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

**1º)** Aprobar o convenio marco de asistencia ás entidades locais da provincia na xestión de instalacións de produción e distribución de auga de consumo humano para os exercicios 2016 e seguintes (que substitúe ao vixente convenio marco de asistencia técnica para a explotación de zonas de abastecemento de augas de consumo humano do exercicio 2012 e ao convenio marco de asistencia técnica para a explotación de estacións de tratamento de auga potable do exercicio 2015 e seguintes, que expresamente se declaran extinguidos).

O convenio marco de asistencia ás entidades locais da provincia na xestión de instalacións de produción e distribución de auga de consumo humano para os exercicios 2016 e seguintes, rexerase polas cláusulas que se indican a continuación:

***1º) Obxecto***

*Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica para a xestión da produción e distribución de auga de consumo humano.*

*O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestar asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa sexa exercida polos concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidade ou outro tipo de entidade local) para a ordenación e*

*xestión do servizo de abastecemento de auga de consumo humano, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mesma lei básica de réxime local.*

***2ª) Condicións da prestación do servizo.***

*1. A Deputación Provincial prestaralles as entidades locais adheridas a este convenio o servizo de asistencia técnica necesario para garantir un correcto estado de funcionamento das instalacións, establecendo pautas de funcionamento, dosificación e proceso que debera adoptar o persoal da entidade local que realice as tarefas diarias no servizo de abastecemento, comprendendo as seguintes prestacións:*

*A) Servizo de abastecemento municipal sen ETAP:*

*1. Sen visitas periódicas:*

*a) Realización dun inventario dos elementos que compoñen a zona de abastecemento coas súas características técnicas actualizando os protocolos de abastecemento anualmente.*

*b) Realización dun plan de xestión e mantemento preventivo e control de datos, definindo o listado de tarefas que deberá realiza-lo persoal da entidade local encargado da explotación.*

*c) Realización dunha avaliación previa ás visitas de inspección da zona de abastecemento por parte de autoridade sanitaria, elaborando un informe dos aspectos que, se é o caso, deban ser corrixidos ou mellorados para o cumprimento rigoroso dos criterios establecidos pola autoridade sanitaria*

*d) Asistencia aos problemas que se ocasionen no servizo (non se inclúen as avarías na rede de abastecemento). No caso de que o problema necesite a substitución dun equipo, reparación ou materiais/accesorios, realizarase unha valoración económica.*

*2. Con visitas periódicas: ademais das anteriores, realizaranse as seguintes tarefas:*

*a) Toma de datos dos equipos (horas de funcionamento, comprobación do estado de funcionamento, consumos eléctricos, ...)*

*b) Entrega dos partes de control de mantemento e datos, e recollida dos cumprimentados do mes anterior*

*c) Análises de parámetros organolépticos "in situ" (cloro, cloro combinado, turbidez pH, olor e cor)*

*d) Control da dosificación de cloro nos depósitos de distribución*

*e) Realización das propostas de mellora, orientadas a unha redución de custes enerxéticos, de mantemento ou de calidade da auga que poidan ser implantados, tales como, automatización da dosificación de cloro, automatización dos bombeos, sistemas de alarmas, etc., previa aceptación por parte do concello.*

*B) Servizo de abastecemento municipal con ETAP/ETAP´s*

*1. Sen visitas periódicas:*

*a) Realización do inventario dos elementos que compoñen a zona de abastecemento e a ETAP/ETAP´s, coas súas características técnicas actualizando os protocolos de abastecemento anualmente.*

*b) Realización dun plan de xestión e mantemento preventivo e control de datos, definindo o listado de tarefas que deberá realiza-lo persoal encargado do servizo, tanto das zonas de abastecemento como a ETAP/ETAP´s.*

*c) Realización dunha avaliación previa ás visitas de inspección da zona de abastecemento por parte de autoridade sanitaria, elaborando un informe dos aspectos que, se é o caso, deban ser corrixidos ou mellorados para o cumprimento rigoroso dos criterios establecidos pola autoridade sanitaria*

*d) Asistencia aos problemas que se ocasionen no servizo (non se inclúen as avarías na rede de abastecemento). No caso de que o problema necesite a substitución dun equipo, reparación ou materiais/accesorios, realizarase unha valoración económica.*

*2. Con visitas periódicas: ademais das anteriores, levaranse a cabo as seguintes tarefas:*

*a) Toma de datos dos equipos (horas de funcionamento, comprobación do estado de funcionamento, consumos eléctricos, ...)*

*b) Entrega dos partes de control de mantemento e datos, e recollida dos cumprimentados do mes anterior*

*c) Análises de parámetros organolépticos "in situ" (cloro, cloro combinado, turbidez pH, olor e cor)*

*d) Control da dosificación de cloro nos depósitos de distribución; control da dosificación de reactivos do proceso, tales como, hipoclorito sódico, policloruro de aluminio, etcétera ...*

*e) Realización das propostas de mellora, orientadas a unha redución de custes enerxéticos, de mantemento ou de calidade da auga que poidan ser implantados, tales como, automatización da dosificación de cloro, automatización dos bombeos, sistemas de alarmas, substitución de area nos filtros, etc., previa aceptación por parte do concello.*

*2. Cando así se solicite polas entidades locais adheridas, a Deputación poderá prestar ao abeiro do presente convenio os servizos de reparación ou mellora das instalacións, conforme aos orzamentos elaborados e aceptados pala entidade local en cada caso. No caso de estimarse necesarios traballos de limpeza de depósitos, a entidade local poderá adherirse ó convenio marco específico aprobado por esta Deputación para a prestación de asistencia técnica con ese obxecto.*

*3. O servizo será prestado pola Deputación Provincial a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.*

*O servizo prestarase a partir do 1 de xullo de 2016, con carácter indefinido*

***3ª) Retribución económica: prezos públicos.***

*1. En contraprestación polos servizos a Deputación Provincial percibirá un prezo público anual pola asistencia para a xestión das instalacións de produción e distribución conforme ás tarifas seguintes:*

*A. Instalacións sen ETAP*

*1. Sen visitas: 826,45 € mais IVE*

*2. Dúas visitas anuais: 2.066,12 € mais IVE*

*3. Catro visitas anuais: 3.140,50 € mais IVE*

*4. Seis visitas anuais: 4.297,52 mais IVE*

*5. Doce visitas anuais: 8.595, 04 mais IVE*

*B. Instalacións con ETAP/ETAP´s*

*1. Sen visitas: 1.652,89 € mais IVE*

*2. Dúas visitas anuais: 2.892,56 € mais IVE*

*3. Catro visitas anuais: 4-132,23 € mais IVE*

*4. Seis visitas anuais: 6.611,57 mais IVE*

*5. Doce visitas anuais: 9.917,36 mais IVE*

*2. A realización das reparacións ou melloras das instalacións propostas como consecuencia das inspeccións realizadas, no caso de ser solicitadas pola entidade local interesada, facturaranse aparte conforme aos orzamentos aceptados en cada caso pola entidade local.*

*3. No suposto de prestación de servizos por períodos inferiores a un ano, o prezo anual reducirase proporcionalmente ao tempo de servizos efectivamente prestados.*

*4. A liquidación dos servizos recollidos na cláusula 2.1 será aprobada pola Deputación con carácter anual, dispoñendo as entidades locais adheridas dun prazo de noventa días naturais, contados a partir da recepción da notificación da liquidación, para proceder ao seu pago. Non obstante, a pedimento das entidades locais interesadas e de común acordo con elas, poderán establecerse períodos de liquidación inferiores ao anual.*

*5. A liquidación das reparacións ou melloras realizadas realizarase unha vez rematadas estas, dispondo as entidades locais de un prazo de noventa días naturais para o seu pagamento.*

*6. Unha vez transcorridos os prazos de pago en período voluntario dos prezos liquidados, a Deputación Provincial poderá exercer cantas accións administrativas e xudiciais lle competan para o cobro dos prezos, incluíndo a posibilidade de compensa-la débeda contra calquera crédito de que dispoña a entidade local fronte á facenda provincial.*

***4º) Procedemento de adhesión ao convenio***

*As entidades locais que desexen adherirse ao presente convenio deberán remitirlle á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente conforme co modelo que figura como anexo 1.*

*A adhesión terá carácter automático, sempre que o acto de adhesión se axuste ao modelo establecido e aos requisitos que establece o presente convenio. A adhesión ao convenio será eficaz a partires do primeiro día hábil do mes seguinte á data de entrada do documento de adhesión no Rexistro Xeral da Deputación. No acordo de adhesión as entidades locais interesadas indicarán o número de visitas mensuais que desexan se realicen.*

*En caso de que o acto de adhesión non se axuste ao modelo establecido e aos requisitos do convenio, a Deputación comunicarallo á entidade local interesada,*

*outorgando un prazo para a emenda das deficiencias. De non producirse a emenda requirida en prazo, ditarase resolución declarando a ineficacia do acto de adhesión, que se notificará á entidade interesada.*

***5ª) Comisión de seguimento***

*1. Establécese unha Comisión de Seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo Presidente ou deputado no que delegue (ao que corresponderá a presidencia da comisión) e o Director da Área de Medio Ambiente (este último, con voz pero sen voto) e un representante designado pola entidade local interesada. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido nas Leis de Procedemento Administrativo.*

*2. A Comisión de Seguimento terá carácter paritario, reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento.*

***6ª) Vixencia***

*O presente convenio producirá efectos para as entidades locais que se adhiran desde o primeiro día hábil do mes seguinte á data de presentación do documento de adhesión ante a Deputación Provincial, con carácter indefinido ata a súa extinción por calquera das causas previstas na cláusula 7ª ou ata a súa substitución por un novo convenio.*

***7ª) Extinción do convenio***

*1. O presente convenio poderá ser resolto polas seguintes causas:*

*a) Por denuncia unilateral das entidades locais adheridas, en calquera momento e sen necesidade de alegar ningunha causa xustificante. A extinción terá eficacia a partir do primeiro día hábil do mes seguinte ao da data de recepción da comunicación no Rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.*

*b) Por decisión unilateral da Deputación Provincial, en caso de incumprimento de obrigas esenciais polas entidades locais adheridas. Neste caso, a Deputación dará*

*audiencia previa á entidade local afectada, antes de adoptar a decisión, que comunicará cunha antelación mínima dun mes á súa data de efectividade e a cal será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.*

*c) Por decisión unilateral da Deputación, en caso de supresión do servizo de asistencia técnica que constitúe o seu obxecto. Neste caso a eficacia da resolución referirase sempre ao primeiro día hábil do ano seguinte a aquel en que se comunique, e deberá en todo caso ser comunicada pola Deputación ás entidades adheridas cunha antelación mínima de seis meses.*

*2. A Deputación poderá igualmente substituír o presente convenio marco por outro diferente, cuxa aprobación e publicación determinará a automática extinción do vixente.*

*3. A liquidación do convenio resolto anticipadamente corresponderá, en todo caso, á Deputación provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada tras a audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.*

***8ª) Natureza e réxime xurídico***

*O presente convenio terá natureza administrativa, correspondendo á xurisdición contencioso - administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción*

***9ª) Extinción do convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades da provincia para a prestación de asistencia técnica para a explotación de zonas de abastecemento de auga potable durante os exercicios 2012 e seguintes e do convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións de tratamento de auga potable durante os exercicios 2015 e seguintes***

*Coa entrada en vigor deste convenio decláranse extinguidos os convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades da provincia para a prestación de asistencia técnica para a explotación de zonas de abastecemento de auga potable durante os exercicios 2012 e seguintes e ao Convenio Marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións de tratamento de auga potable durante os exercicios 2015 e seguintes. Os servizos prestados pola Deputación Provincial aos concellos e*

*entidades adheridas a estes durante a súa vixencia liquidaranse conforme aos prezos públicos e regras establecidas nos mencionados convenios.*

***Anexo I: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de adhesión ao convenio de asistencia técnica para a xestión da produción e distribución de auga de consumo humano***

*Aproba-la adhesión do Concello de …../Mancomunidade de ... ao convenio de asistencia técnica para a xestión das instalacións de produción e distribución de auga de consumo humano, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito Convenio.*

*A prestación do servizo ao que se refire o presente acordo de adhesión referirase ás seguintes ETAP's de titularidade desta entidade local:*

*(relaciónense as ETAP's incluídas no convenio, especificando o núcleo ou núcleos de poboación aos que prestan servizo)*

*O número de visitas mensuais que se realizará a cada ETAP será o seguinte:*

*(indíquese o número de visitas mensuais que se desexan para cada ETAP incluída no convenio)*

**2º)** Ordenar a publicación deste convenio no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, para xeral coñecemento.

**5.- APROBACIÓN LISTA DE ADHESIÓNS Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA O PERÍODO 2016-2019**.- De acordo co establecido na cláusula 5ª, apartado 2, do Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais para o período 2016-2019, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación aprobarase a lista de adhesións ó convenio marco, a medida que estas se vaian producindo, ordenando a súa publicación no BOP. Ó día da data consta a recepción no Rexistro de entrada da Deputación dos seguintes acordos de adhesión:

- Acordo do Pleno ordinario do Concello de Esgos do 31.03.2016, notificado a esta Deputación o 11.05.2016, no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.
- Acordo do Pleno ordinario do Concello de Chandrexa de Queixa do 22.04.2016, notificado a esta Deputación o 10.05.2016, no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.
- Acordo do Pleno ordinario do Concello da Pobra de Trives do 31.03.2016, notificado a esta Deputación o 02.05.2016, no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.
- Acordo do Pleno extraordinario do Concello de Rairiz de Veiga do 25.04.2016, notificado a esta Deputación o 11.05.2016, no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.
